

FOGO FATUO

João Pedro Rodrigues, 2022

1096

ESTREA EN NUMAX: 17.04.2023 | V.O.S.E. | +12 | 67 min

No seu leito de morte, a súa alteza real Alfredo, rei sen coroa, regresa a afastados recordos de xuventude e á época na que soñaba con ser bombeiro. O encontro co instrutor Afonso, do corpo de bombeiro, abre un novo capítulo na vida dos dous mozos inmersos no amor e o desexo, e suscita a súa vontade de cambiar o status quo.

«Unha celebración divertida,
sofisticada e intelixente da arte o
amor e o sexo»

Jara Yáñez, CAIMÁN



Entrevista con João Pedro Rodrigues: «Gústame partir dunha realidade para desvirtuala»

Por Carlos Losilla

En que sentido *Fogo fatuo* é unha “fantasía musical”, como reza o subtítulo? Eu quería facer unha comedia musical ao estilo clásico. Cando estabamos editando, con Mariana Gaivao, non considerei adecuado dicir que este era “un filme de João Pedro Rodrigues”, senón que vin moi claro que era necesario algo máis. “Unha comedia musical de...”? Non me convencía. E cheguei á conclusión de que “fantasía” era a palabra máis exacta. Para empezar, debéra rodala no 2020, pero chegou a pandemia e foi imposible, polo que, cando puido facerse, a propia rodaxe tivo algo de “fantástica”, de liberadora, como un conto de fadas. Por outro lado, porén, é un filme moi construído, que depende moito dun guión, na que non hai improvisación... Noutro dos meus filmes, *Morrer Como Um Homem* (2009), ao actor Gonçalo Ferreiro de Almeida, que interpreta o personaxe de Maria Bakker, gustáballe dicir que o seu era un personaxe de fantasía, e de feito no filme os protagonistas chegan a un mundo de fantasía, a unha especie de fronteira entre o posible e o imposible, o mesmo espazo no que se desenvolve *Fogo fatuo*. Dalgunha forma, estou chegando á conclusión de que case todos os meus filmes son fantasías. Intento sempre que o increíble resulte creíble. E o cinema é o medio máis adecuado para conseguir iso, pois ao mesmo tempo é moi fotográfico, filma lugares e corpos reais, e tende cara a ficción absoluta. Por outro lado, quería facer un filme curto, moi lixeiro -aínda que a súa lixeireza penso que é só aparente- e tamén irónica.

Viuse influído polo imaxinario da comedia musical clásica? Por suposto. Eses foron os filmes que me formaron como espectador. Logo comecei a ver cinema de forma máis obsesiva, máis ou menos a partir dos quince anos - na Cinemateca Portuguesa, entón dirixida por João Bénard da Costa- e o que vía era sobre todo cinema clásico americano. Vin todo John Ford, todo Howard Hawks, todo Lubitsch, todo Billy Wilder, todo Otto Preminger... E en copias de 35 mm. Apaixónanme tamén Mizoguchi e Ozu. Recentemente pedíronme a miña lista de mellores filmes para a revista *Sight & Sound* e intentei que constaran filmes dos últimos anos, pero foime difícil fuxir dos clásicos. Alí foi onde de verdade aprendín cinema. Tamén na escola de cinema tiven profesores que foron moi importantes para min, como Paulo Rocha... E ademais sempre descubres cousas novas: durante o confinamento vin filmes de Guy Gilles, que non coñecía antes, e converteuse nun dos meus cineastas favoritos. E sigo vendo moito cinema contemporáneo, tamén de Hollywood, aínda que xa non podo máis con *Marvel*... Tamén me interesan outras cousas: a pintura, a literatura, a música. Chega un momento no que me aburre falar só de cinema.

Os diálogo do filme foxen do realismo e buscan unha certa poesía, aínda que sexa a través do artificioso... Van na procura dunha certa teatralidade, diría eu. Aínda que o cinema parta da realidade, debemos ser conscientes de que todo nel é falso. En *Fogo fatuo* intentei crear dous universos, dous mundos de representación: o da familia real e o dos bombeiros. E ambos teñen as súas regras, os seus uniformes. Da familia real interesábame subliñar que se trata de personaxes que son conscientes de estar no interior dunha representación. De aí a idea de que miren tanto a cámara, de que abran as portas como se estivesen nun escenario teatral. (...) Mentres escribía o guión, vin moitos vídeos sobre cuarteis de bombeiros. Gústame partir da realidade para desvirtuala e neste caso fixeime moito nos exercicios que fan, na vida que levan, para ao final crear unha ficción máis libre.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

L'Intégrale João Pedro Rodrigues,
João Pedro Rodrigues.
Epicentre Films [DVD]